



INFORME ANUAL de SEGUIMIENTO

**Título: MÁSTER UNIVERSITARIO EN
PROCESOS DE FORMACIÓN**

Curso Académico: 2012-13

1.- DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO	
Denominación do título	MÁSTER UNIVERSITARIO EN PROCESOS DE FORMACIÓN
Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC)	ID Verifica 1993/2009 MEC 4311781
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Universidade solicitante	Universidade de Santiago de Compostela
Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto	- Departamento de Didáctica e Organización Escolar - Departamento de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
Centro/s onde se imparte o título	Facultade de Ciencias da Educación
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	-
Responsable do título (Coordinadora curso 13-14)	M ^a Carmen Fernández Morante
Correo electrónico do responsable do título	carmen.morante@usc.es
Curso de implantación do título	2009/10
Data última acreditación	29/07/2009

2.- INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DO TÍTULO

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIÓN,...
<p>Descrición do título</p>	<p>Denominación Rama de coñecemento Universidade solicitante Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título, ou no seu caso, departamento ou instituto Centro/s onde se imparte o título No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s Tipo de ensinanza Rexime de estudo Periodicidade da oferta Número de plazas de novo ingreso ofertadas Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante e periodo lectivo Normas de permanencia Información sobre a expedición do Suplemento Europeo ao Título Responsable do título Coordinador do título Data da autorización da implantación do título pola Xunta de Galicia Data publicación BOE Data última acreditación Memoria vixente do título Informe final de avaliación previo á verificación</p>	<p>Enlace á páxina do título: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13686&estudio=13687&codEstudio=13276&valor=9</p> <p>Nas distintas seccións da web do título poden atoparse todas as informacións deste apartado. Non obstante se engaden enlaces directos tamén as seguintes:</p> <p>Enlace á memoria: http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC</p> <p>Enlace á convocatoria de matrícula: http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/matricula/masteroficial.html</p> <p>Enlace ás Normas de permanencia da USC: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120717/AnuncioG2018-110712-0001_gl.pdf</p> <p>Información sobre a expedición do Suplemento Europeo ao Título: http://www.usc.es/sxa/index.php?vista=normativa&submenu=normas&accion=listado&noticias=no&entrada=56</p>

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
Xustificación	<p>Xustificación do título proposto, argumentando o seu interese académico, científico ou profesional</p> <p>Referentes externos á Universidade</p> <p>Descrición dos procedementos de consulta internos e externos utilizados para a elaboración do plan de estudos</p> <p>Procedemento documentado para o establecemento, revisión e actualización da política e os obxectivos da calidade</p> <p>Política de calidade</p> <p>Obxectivos de calidade</p> <p>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>Enlace á páxina do título: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions_.html?plan=13686&estudio=13687&codEstudio=13276&valor=9</p> <p>Enlace ao SGIC do centro: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html</p>
Competencias Obxectivos	<p>Obxectivos do título</p> <p>Competencias xerais que os/as estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título</p> <p>Competencias específicas que os/as estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título</p> <p>Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos</p> <p>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>Enlace á páxina do título: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions_.html?plan=13686&estudio=13687&codEstudio=13276&valor=9</p> <p>Enlace ao SGIC do centro: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html</p>
Acceso e admisión de estudantes	<p>Demanda</p> <p>Matrícula</p> <p>Información previa á matriculación sobre acceso e admisión (criterios de acceso e admisión)</p> <p>Procedementos de acollida e orientación dos/as estudantes de novo ingreso</p> <p>Condições ou probas de acceso especiais, se existen</p> <p>Información sobre o apoio e orientación aos/ás estudantes</p> <p>Información sobre a transferencia e recoñecemento de créditos</p> <p>Información sobre o curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe</p> <p>Información sobre os complementos formativos necesarios, en función da</p>	<p>Enlace á páxina do título: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions_.html?plan=13686&estudio=13687&codEstudio=13276&valor=9</p> <p>Enlace ao SGIC do centro: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html</p>

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
	<p>formación previa acreditada polo/a estudante, se fose o caso</p> <p>Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes</p> <p>Procedemento documentado para a orientación aos/ás estudantes</p> <p>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>Enlace Vic. de Resp. Social e Calidade correspondente. Datos de matrícula. http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datoscalidade.html</p> <p>Outros puntos complementarios de información telemática o alumnado: http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/ http://www.usc.es/gl/servizos/coie</p>
<p>Planificación das ensinanzas</p>	<p>Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo</p> <p>Distribución temporal</p> <p>Horarios</p> <p>Mecanismos de coordinación docente</p> <p>Infraestruturas</p> <p>Guías docentes/Programación docente</p> <p>Sistema de avaliación</p> <p>Traballo fin de grao/máster (Comisión, convocatorias, etc.)</p> <p>Procedemento documentado para a planificación e desenvolvemento da ensinanza</p> <p>Procedemento documentado para a revisión e mellora do título</p> <p>Procedemento documentado da oferta formativa</p> <p>Composición, funcións e responsabilidades da comisión académica do título</p> <p>Criterios de suspensión do título</p> <p>Desenvolvemento da ensinanza</p> <p>Procedemento documentado para a suspensión do título</p> <p>Procedemento documentado para a xestión de incidencias, reclamacións e suxestións</p> <p>Procedemento documentado para a expedición de títulos oficiais</p> <p>Perfil de ingreso recomendado</p> <p>Perfil de egreso</p> <p>Normativa académica do curso</p> <p>Baremo empregado no proceso de admisión</p> <p>Calendario de pre-inscripción</p> <p>Listados de admitidos/excluídos (provisional, definitivo)</p> <p>Información sobre o seguro escolar</p> <p>Información sobre o servizo de asesoramento e promoción do/a estudante</p> <p>Información sobre o servizo de apoio ao emprego</p> <p>Información sobre cursos a estudantes</p> <p>Información sobre actividades culturais, deportivas e de voluntariado</p> <p>Información sobre a mobilidade</p> <p>Información sobre as prácticas externas, se as houberse</p>	<p>Enlace á páxina do título: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions_.html?plan=13686&estudio=13687&codEstudio=13276&valor=9</p> <p>Enlace ao SGIC do centro: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html</p> <p>Horarios http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/horario_cursos.html</p> <p>Infraestructuras: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestructuras.html</p> <p>Servizos: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/servizos.html</p> <p>Comisións: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/organos.html</p> <p>Normativa centro: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/nomativa.html</p> <p>Expedición de títulos oficiais http://www.usc.es/sxa/index.php?vista=titulos</p>

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
	Información sobre o plan de acción tutorial Normativa académica Procedemento documentado dos perfís de ingreso/egreso e captación de estudantes Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes Procedemento documentado de orientación aos/as estudantes Procedemento documentado de mobilidade dos/as estudantes Procedemento documentado de prácticas externas, se as houberse Procedemento documentado de orientación profesional Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)	
Recursos humanos	Descrición do profesorado Descrición de outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para levar a cabo o plan de estudos Procedemento documentado da política do PDI e PAS Procedemento documentado da xestión do PDI e PAS (captación, selección, formación, avaliación) Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)	Enlace á páxina do título: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions_.html?plan=13686&estudio=13687&codEstudio=13276&valor=9 Enlace departamentos: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/departamentos.html Enlace ao SGIC do centro: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html
Recursos materiais e servizos	Aulas e seminarios Espazo do persoal académico Laboratorios Salas de informatica Salas de estudo Outros espazos para os/as estudantes Biblioteca Servizos dispoñibles Espazos para os/as representantes de estudantes Outros equipamentos Procedemento documentado da xestión dos recursos materiais Procedemento documentado sobre a xestión dos servizos Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)	Infraestruturas: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestruturas.html Servizos: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/servizos.html Horarios http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/horario_cursos.html Servizos xeráis da USC http://www.usc.es/gl/servizos/

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
<p>Resultados previstos</p>	<p>Taxa de rendemento Taxa de abandono Taxa de eficiencia Taxa de graduación Outras taxas que o título fai públicas (SGIC) Taxas de inserción laboral Procedemento documentado para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos/as estudantes Procedemento documentado de satisfacción, expectativas e necesidades Procedemento documentado para a avaliación do aprendizaxe Procedemento documentado para o control de resultados académicos Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos Procedemento documentado de información pública Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>Enlace á páxina do título: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions_.html?plan=13686&estudio=13687&codEstudio=13276&valor=9</p> <p>Enlace Vic. de Resp. Social e Calidade correspondente. Datos Calidade. http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datoscalidade.html</p> <p>Os datos de inserción dispoñibles en xeral son os facilitados pola ACSUG que é a responsable da elaboración desta información no SUG. http://www.acsug.es/galego/webs/inser.php</p> <p>Aínda non hai datos de inserción laboral para os títulos adaptados ao EEES.</p> <p>Enlace ao SGIC do centro: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html</p>
<p>Sistema de garantía da calidade</p>	<p>Órgano responsable do sistema de garantía da calidade do título De ser o caso, planificación estratéxica Procedementos documentados de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado Procedementos documentados para garantir a calidade das prácticas externas e os programas de mobilidade Procedementos documentados de análise da inserción laboral dos graduados e da satisfacción coa formación recibida Procedemento documentado para o análise da satisfacción dos distintos colectivos implicados (estudantes, persoal académico e de administración e servizos, etc.) Procedemento documentado para o análise e atención ás suxestións ou reclamacións Procedemento documentado de suspensión/extinción do título Manual do SGIC Informe final de certificación do SGIC Listado de documentos en vigor do SGIC Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>Enlace ao SGIC do centro: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html</p> <p>Órganos: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/organos.html</p> <p>Vicerreitoría de Calidade http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/</p> <p>Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) http://www.usc.es/gl/servizos/oar/index.html</p>

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
Calendario de implantación	Cronograma de implantación do título Información sobre a adaptación, no seu caso, dos/as estudantes dos estudos existentes ao novo plan de estudos Ensinanzas que se extinguen pola implantación do correspondente título proposto	Enlace á páxina do título: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions_.html?plan=13686&estudio=13687&codEstudio=13276&valor=9

3.- VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO E OS RESULTADOS OBTIDOS, DETECCIÓN DE BOAS PRÁCTICAS, DESVIACIÓNS E TOMA DE DECISIÓNS.

Descrición do título							
<i>Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A (X)	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>O grao de cumprimento do criterio Descrición do Título na Memoria Verificada do Máster considérase satisfactorio (A) pois os aspectos máis relevantes da memoria foron respectados e existen evidencias documentais.</p> <p>O Máster Universitario en Procesos de Formación cubre as necesidades formativas de alumnado que remata as titulacións da Facultade de Ciencias da Educación (Pedagogía, Psicopedagogía, Mestre e Educación Social) que queren, ou ben, especializarse en procesos formativos para mellorar a súa formación de cara á inserción laboral ou ben comezar a etapa de investigación previa a realización da tese de doutoramento. Tamén, na súa dimensión profesionalizadora vai orientado a traballadores en activo dos ámbitos escolar, da empresa, consultaría, editorial ou do elearning como son o profesorado de todos os niveis educativos, os técnicos/as de formación, os orientadores/as laborais, os xestores de recursos humanos, os deseñadores de contidos dixitais e de formación virtual, etc. Para axeitarse as necesidades das persoas destinatarias do título e respectando o establecido na memoria, desenvolveuse de xeito semipresencial (60% presencial, 40% virtual) apoiado no campus virtual da USC, mediante a creación de aulas específicas e contidos dixitais para cada unha das materias (Evidencias dispoñibles: materias e contidos para o curso 12-13 dispoñibles no campus virtual da USC). A Comisión Académica detectou a necesidade de traballar conxuntamente todo o profesorado dos dous departamentos implicados sobre as metodoloxías de ensino utilizadas na docencia virtual e as actividades programadas co apoio do campus virtual a fin de que a proposta fora equilibrada, houbera unha coherencia nas metodoloxías de traballo virtual e todos os contidos dos programas das materias quedaran ben cubertos.</p> <p>No relativo á oferta de prazas para o curso 2012-13 axustouse as previsións da memoria ofertándose un total de 20 prazas (15% delas a tempo parcial pensando nos traballadores en activo e 5 prazas reservadas para alumnado estranxeiro). En canto a matrícula real neste curso o máster contou cun total de 29 alumnos matriculados dos cales 10 foron de novo ingreso e 19 de continuación de estudos (fundamentalmente para completar o Traballo Fin de Máster). Non houbo ningunha solicitude a tempo parcial nin de alumnado estranxeiro. No tocante á demanda, a comisión académica reflexionou sobre a necesidade de incrementar a matrícula de novo ingreso a fin de garantir unha oferta regular da proposta e as razóns polas que non se chegaron a cubrir todas as prazas de novo ingreso. Entre outros factores detectouse a necesidade de facer unha maior difusión fora da universidade (prensa e actividades institucionais de difusión da oferta) e nos últimos cursos dos graos tendo en conta que no seguinte curso a USC contaría xa coas primeiras promocións de alumnado egresado dos títulos de ciencias da educación e outros moitos grados de acceso ao máster segundo o fixado na memoria verificada. Hai que destacar que na edición actual do máster o sistema de matrícula directa elixido na oferta publicada en xuño do 2013 permitiu comezar a docencia sen solapamento entre o comezo de clases e o período de matrícula (proposta de mellora 4 engadida no informe de seguimento do curso pasado 11-12 relativa a unha mellor coordinación neste eido).</p>							

Destacar que durante este curso a USC implementou a súa normativa de permanencia polo que fíxose un esforzo importante dende o centro na difusión do novo marco normativo e as súas implicacións cara á matrícula do alumnado e o aproveitamento das clases. Non hay que destacar ningunha incidencia en canto as dúas linguas de impartición que son o Castelán e o Galego e que son empregadas de xeito natural e equilibrado en todas as materias do título e así queda reflectido tamén nos programas das mesmas.

No informe final de seguimento remitido pola ACSUG o 25-9-2012 non favorable facíase referencia á información pública do título considerándoa pertinente pero recomendándose recoller a información con maior accesibilidade (Criterio 1). Tamén no informe de seguimento do título 2011-12 comprometéase como proposta de mellora 5 a incrementar a difusión e mellorar a información o alumnado. Nesta dirección, no curso 12-12 reaxustouse y centralizouse toda a información do título requirida para a súa difusión pública e localización polo alumnado a través da páxina web da facultade de Ciencias da Educación, cunha estrutura de navegación común en todos os títulos máis sinxela e amigable, o que permite hoxe en día mostrar con maior accesibilidade toda a información relativa ao título. Tamén neste informe recomendábase aportar información sobre a comisión e as convocatorias de Tránsito Fin de Máster (Criterio 5). Neste senso están dispoñibles no departamento como evidencias relativas a publicidade, difusión e información ofrecida ao alumnado de xeito continuado e en concreto no tocante as comisións e defensas do TFM, as informacións e convocatorias públicas realizadas tanto nas convocatorias de Xullo como setembro das defensas dos TFM que foron tamén expostas nos taboleiros oficiais do centro e dos departamentos.

BOAS PRÁCTICAS:

- No curso 12-13 dende a coordinación do máster realizouse un modesto **estudo sobre os ámbitos de empleabilidade** do máster en procesos de formación a partir dos ámbitos de inserción laboral nos que se realizan as prácticas. Dito estudo permitiu visualizar o abano de contextos profesionais de aplicación do perfil profesional para o que formamos así como **difundir as características do título e a súa pertinencia no contexto laboral actual a través do XII Symposium Internacional sobre el practicum y las prácticas en empresa en la formación universitaria** (Poio-Pontevedra). Consideramos que este tipo de iniciativa constitúe un exemplo de boa practica replicable en outros títulos en tanto en canto permite definir con claridade os contextos profesionais de aplicación da formación para a que cualifica o título e dar difusión do mesmo en ámbitos académicos especializados sobre a formación universitaria nos que participan persoas expertas da formación, empresas e alumnado universitario de diferentes países (achégase como evidencia documental o texto da comunicación presentada no symposium o 27/6/2013) (**EvidenciaBP1.pdf**)

PROPOSTAS DE MELLORA:

Cara ao curso 13-14 fórmulanse as seguintes propostas de mellora que na actualidade xa se están a poñer en marcha e serán obxecto de valoración no seguinte informe de seguimento:

- Difusión mediante anuncio en prensa da oferta do título e a oferta de prazas cara ao curso 13-14. Xullo 2013.
- Difusión a finais do segundo semestre do curso (entre o alumnado do derradeiro curso dos graos da Facultade de CC. Educación. Organización dunha sesión informativa sobre o título e a súa pertinencia na continuidade de estudos dos graos da facultade así como o perfil e competencias para as que prepara.
- Elaboración dunha sección específica na páxina web do departamento de DOE con información actualizada sobre novas do máster e documentación.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
Non se realizaron modificacións	

Xustificación							
<i>Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A (X)	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>A comisión Académica do título mantén a pertinencia do mesmo e o seu interese académico, investigador e profesional na actualidade. No tocante o seu interese académico dicir que se trata do único título da Facultade que da continuidade aos estudos de Grao nun ámbito de especialización como é o do deseño da formación en contextos diversificados e cara ao desenvolvemento da carreira investigadora neste eido. Por outra banda no relativo o seu interese profesional hai que ter en conta que a formación e mellora da cualificación dos cidadáns constitúe hoxe un dos eixos claves ante a crise e as institucións e empresas dedicadas á formación demandan no seu persoal novas habilidades para asumir novas tarefas nun mercado laboral cada vez máis competitivo e cambiante (formación en competencias; asesoramento, coaching e mentoría; normas de calidade; xestión de recursos humanos, ferramentas e escenarios flexibles de formación con TIC). Este máster, polo tanto, da resposta á necesidade de desenvolvemento de accións e políticas de formación corporativa (dentro das empresas de todos os eidos) e tamén ás necesidades existentes no ámbito da consultaría ou das empresas dedicadas á formación (novas metodoloxías, deseño de accións de formación e avaliación da calidade, novas contornas tecnolóxicas e modalidades flexibles, etc).</p> <p>Neste título polo tanto ten unha importancia crucial unha estreita relación no só coas institucións de formación públicas senón tamén coas organizacións civís e empresas dedicadas a formación ou que desenvolven plans específicos de formación corporativa. Préstase por tanto unha especial atención á relación e intensificación de convenios para dar unha cobertura axeitada as prácticas profesionais externas e tamén para coñecer as necesidades de formación que se detectan nos distintos escenarios laborais. A Comisión Académica neste sentido fíxose eco dende o principio da recomendación formulada no informe final de verificación do título (27-7-2009) de aproveitar os convenios existentes na USC para a realización das prácticas e por suposto formalizar novos convenios con empresas e institucións que poderán aportar calidade e proximidade co contexto de inserción laboral ao alumnado. Por iso durante o curso académico 2012-13 tal y como se formulaba no informe de seguimento realizado no 2011-12 (Proposta de Mellora 1) mantivéronse reunións de traballo para mellorar as relacións coas empresas e detectar novas demandas. Neste sentido como evidencia faise constar a reunión mantida dende a coordinación do máster a tal fin o 24-1-2013 coas seguintes empresas dedicadas á formación de Santiago e comarca: Agafor, Fundación Laboral da Construción, Recursos Galicia e Senda Capital Investment, S. L.</p> <p>Respecto á proposta de mellora 2 formulada no informe anterior de seguimento (2011-12) orientada a retomar sesións monográficas de traballo sobre o Máster nos Consellos dos dous Departamentos dar conta como evidencia de que se realizou unha sesión monográfica no mes de Xuño entre o profesorado con docencia no título dos dous departamentos orientada fundamentalmente á análise da demanda do título e accións a desenvolver para a captación de alumnado e tamén á análise das suxestións para a mellora recollidas durante o curso pola coordinadora entre o alumnado. Como consecuencia desta reunión de traballo determináronse liñas concretas de actuación para mellorar a difusión (prensa e presentacións monográficas, imaxe corporativa do título –logo- e coordinación do ensino virtual). Tamén se analizou a pertinencia de realizar modificacións na memoria do título a fin de mellorar a demanda (por exemplo incrementando o porcentaxe non presencial e facelo máis atractivo para o alumnado que traballa) pero finalmente considerouse máis prudente non facer modificacións e mellorar a proposta ao tempo que se estabilizaban os títulos de grao e polo tanto as</p>							

promocións potencialmente demandantes de formación de posgrao.

BOAS PRÁCTICAS:

Aínda que xa se describiron, no apartado anterior, consideramos que neste curso se desenvolveron dúas accións que poden ser transferibles a outros títulos que incorporen prácticas externas ou cun alto compoñente profesionalizante e que poderían repercutir na mellora dos mesmos:

- Manter reunións coas empresas colaboradoras das prácticas que permitan intensificar as relacións e manter a implicación no desenvolvemento do título. Pola nosa experiencia podería ser suficiente cunha reunión por curso académico na que se invite ás empresas conveniadas e outras coa finalidade de incrementar convenios e aumentar a rede de empresas e institucións con participación no título. Sen dúbida tamén repercutirá na empregabilidade das persoas egresadas en tanto en canto ditas empresas en moitas ocasións demandan profesionais formados de xeito puntual ou para postos de traballo. **Evidencias BP2:** reunión mantida dende a coordinación do máster a tal fin o 24-1-2013 coas seguintes empresas dedicadas á formación de Santiago e comarca: Agafor, Fundación Laboral da Construción, Recursos Galicia e Senda Capital Investment, S. L..
- Desenvolver reunións de coordinación e análise de progreso do máster entre todo o profesorado con docencia no mesmo. Recoméndase a lo menos, segundo a nosa experiencia, antes do inicio do curso (planificación), durante o desenvolvemento (chequear necesidades) e ao final (avaliar necesidades de mellora para a seguinte edición). **Evidencias BP3:** sesión monográfica do 13-6-2013 entre o profesorado (planificación e revisión do feito e o que quedou por facer).

PROPOSTAS DE MELLORA:

Cara ao curso 13-14 fórmulanse as seguintes propostas de mellora que na actualidade xa se están a poñer en marcha e serán obxecto de valoración no seguinte informe de seguimento:

- Sinatura de novos convenios para a realización de prácticas.
- Sesións co alumnado de presentación dos grupos de investigación, liñas e proxectos competitivos activos nos departamentos cara a orientar na continuidade mediante a realización da tese doutoral do alumnado que así o considere.
- Sesións de análise do título entre o profesorado para continuar valorando se é preciso axustar nalgún compoñente a memoria.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
Non se realizaron modificacións	

Competencias/Obxectivos							
<i>Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A (X)	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>As competencias do título foron descritas coa axuda dun comité de expertos (profesorado e persoal técnico de empresas de formación) e reflectidas no deseño curricular da memoria verificada. A adquisición de ditas competencias desenvólvese a partir do conxunto de materias do título e das metodoloxías de ensino-aprendizaxe desenvoltas. Ao longo do primeiro semestre o proceso formativo dota ao alumnado dos coñecementos teórico-prácticos xerais para entender a investigación educativa que se está a desenvolver no ámbito dos procesos de formación na actualidade, centrándose fundamentalmente en tres eidos que se traballan de forma modular (formación e recursos humanos, e-learning e avaliación da formación); repasa os principais deseños de investigación e aborda a maneira de planificar os procesos de formación desde o deseño ata a avaliación e seguimento do impacto da mesma nas institucións ou empresas que a desenvolven. Así mesmo, no primeiro semestre tamén se traballa unha materia transversal e moi significativa para cumprir os requirimentos dos procesos de formación que marca a Unión Europea referidos a atención á diversidade e inclusión, igualdade de oportunidades e procesos de inclusión de colectivos vulnerables.</p> <p>Espérase que na primeira parte do Máster (primeiro semestre) o alumnado adquira competencias para a análise e avaliación de investigacións e de propostas formativas e para o deseño xeral de plans e proxectos de formación apoiándose en ferramentas tecnolóxicas e recursos diversificados. A comprobación da adquisición de competencias nesta primeira etapa do curso desenvólvese mediante unha iniciativa innovadora de avaliación conxunta e interdisciplinar de todas as materias do primeiro semestre. É o que denominamos Traballo Fin de Módulo (TFMO), que se presentará como exemplo de boa practica no apartado de planificación das ensinanzas, que mediante a elaboración e defensa dun caso práctico polo alumnado permite comprobar a adquisición das competencias determinadas na memoria e que se traballan no primeiro conxunto de materias (primeiro semestre).</p> <p>No segundo semestre, as materias programadas oriéntanse cara ao dominio dos conceptos e técnicas básicas de actuación nos campos de especialización do Máster (Innovación e Calidade ou Orientación e Asesoramento). Nestas materias a avaliación das aprendizaxes realízase no marco de cada materia tendo especial importancia para a avaliación da adquisición das competencias profesionais as materias de practicas e o Traballo Fin de Máster (TFM). As prácticas permiten a execución de habilidades nun contexto real, así como a contextualización de conceptos, principios e teorías. O alumnado é avaliado polo profesorado do Máster coa colaboración dos titores/as profesionais e mediante unha rúbrica específica na que o titor/a avalía pormenorizadamente as actitudes, coñecementos e habilidades do alumnado tutorizado durante a súa estancia na institución. As evidencias sobre a adquisición de competencias nas prácticas obran nos arquivos do Máster con toda a documentación académica e a avaliación do alumnado.</p> <p>No relativo ao Traballo Fin de Máster (TFM) dicir que este ten como obxectivo a elaboración e defensa dun traballo académico que utilice o conxunto de competencias da formación recibida e desenvolva un traballo orixinal ligado á práctica profesional e, polo tanto, permitindo avaliar a adquisición das competencias profesionais para as que capacita o título. Na guía do TFM do máster contéplanse tres modalidades para a súa realización de xeito individual: estudo</p>							

teórico documental, deseño dun estudo empírico ou proposta de programa de formación. Previamente á definición e asignación de titor/a preséntanse ao alumnado as posibles liñas a desenvolver por cada titor/grupo de investigación.

Hai que destacar neste curso como acción desenvolvida para concretar a acción de mellora 3, incorporada no informe de seguimento do curso 2011-12, a realización, previa á realización dos TFM, dunha sesión conxunta con todo o alumnado para presentarles os perfís investigadores dos 7 grupos de investigación que participan no título. Dita reunión tivo lugar o 5-4-2013 e consistiu nunha presentación por cada grupo das liñas, proxectos de investigación competitivos e resultados máis salientables nos últimos anos. O alumnado puido formular inquietudes, dúbidas e intereses e sobre todo coñecer máis preto a actividade investigadora do seu profesorado e coñecer tamén o significado de facer investigación e unha tese doutoral.

Por outra banda, o Sistema Interno de Garantía de Calidade do Centro ao que está adscrito o Máster, así como a Comisión Académica do mesmo velan polo cumprimento dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias do título, cumprindo así as directrices do programa FIDES-AUDIT no seu apartado 2. Obxectivos do plano de estudos.

Polo tanto os obxectivos xerais e específicos así como as competencias xerais e específicas que figuran na Memoria Verificada do Máster estanse a cumprir e desenvolver con éxito como o reflicten as taxas de éxito dispoñibles.

Evidencias:

- **Taxa de éxito:** 94,3%. Considérase una taxa moi positiva en canto aos resultados observables neste curso.
- **Taxa de avaliación:** 100%. Considérase una taxa moi positiva en canto aos resultados observables neste curso e tamén se destaca que respecto ao curso anterior incrementou nun 20,4%
- **Taxa de graduación:** 71,43%. Incrementa respecto ao curso anterior e mantense lixeiramente por enriba do comprometido na memoria verificada.
- **Estudantes egresados do título que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións, sobre o total de estudantes egresados do título:** 100%. Esta taxa analizada conxuntamente coa anterior reforza si cabe a importancia das prácticas profesionais do título no proceso formativo ao deixar constancia de que todo o alumnado que realizou as prácticas en empresa acadou o título.

BOAS PRÁCTICAS:

Non se sinalan neste apartado

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Tendo en conta que a USC xa dispón dun regulamento renovado de TFG y TFM proponse como mellora axustar e completar a Guía do TFM do Máster en Procesos de Formación aos novos regulamentos da institución e da Facultade

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
Non se realizaron modificacións	

Acceso e admisión de estudantes						
Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.						
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio						
Satisfactoria	A (x)	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:						
<p>O cumprimento de criterio de "Acceso e admisión de estudantes" é Satisfactorio e seguíronse ás directrices respecto a Política e Procedementos de Admisión do programa FIDES-AUDIT. A captación de alumnado e difusión da información relativa aos procesos de admisión e matrícula fíxose por diferentes canles:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Páxina web institucional da USC que en período de difusión da oferta e apertura da matrícula outorga un papel central na portada da web institucional á información sobre admisión e matrícula así como á oferta de cada curso académico. • Páxina Web da Facultade de Ciencias da Educación que dispón dunha sección específica coa información completa de cada Máster oficial durante todo o ano. • Distintas accións de promoción e difusión da oferta formativa da Universidade mediante a presentación en feiras específicas das titulacións e mediante publicidade en formato papel mediante trípticos e pósters específicos do Máster. <p>Ademais, dende a Coordinación do Máster tamén se levaron a cabo algunhas accións que se poden considerar de interese sobre este particular:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Presenza nas presentacións públicas, organizadas pola USC, para dar difusión aos Máster de oferta formativa para o vindeiro curso 2013-2014 que se realizaron en Santiago (claustro de Fonseca) e en Lugo (Facultade de Veterinaria) no mes de xullo de 2013. Atención individualizada e consulta de dúbidas de todo o alumnado e persoas interesadas que se achegaron a dito evento. - Reunións informativas, no último mes do curso anterior, co alumnado dos últimos cursos de licenciaturas e graos para aportarlles información do título de Máster. Evidencia: reunión alumnado último curso grao 25-4-2013 - Atención telefónica e a través do correo electrónico da coordinación do Máster, e das secretarías administrativas dos departamentos implicados, a todas as persoas que, desde distintos puntos de Galicia, España ou outros países (México, Portugal, Chile, Colombia, etc.) realizan consultas, para obter información do Máster, ao longo do ano. - Cartelería e folletos informativos sobre o Máster. Mantemento dun panel informativo permanente, na facultade, coa información actualizada sobre horarios, profesorado, recursos, etc. que permiten coñecer calquera aspecto de interese para o futuro alumnado. <p>O proceso de admisión esta a seguir, rigurosamente, a normativa establecida pola USC. A maior debilidade detectada ten que ver coa dificultade para coordinar o proceso de admisión e matrícula na Universidade e o comezo das aulas presenciais dado que con frecuencia o prazo último de matrícula solábase co comezo das clases polo que algún alumnado podería ter dificultades para acadar o 80% de presencialidade esixido para superar as materias no primeiro</p>						

cuadrimestre.

En canto a coherencia entre os perfís de acceso recollidos na memoria verificada dicir que é total. A demanda de acceso responde aos perfís indicados. Non obstante e tendo en conta que aínda non se ten estabilizado a demanda como consecuencia da suba de taxas académicas e de que neste curso 2011-12 aínda non tñíamos egresados dos nosos graos (primeira promoción), cara ao curso 2012-13 adoptouse a modalidade de matrícula directa no Máster sen necesidade de aplicar criterios preferentes como se inclúen na memoria para facer a selección. Ó non haber maior demanda que oferta aínda, a matrícula directa funcionou pois acadamos un bo número de alumnado e os seus perfís, aínda que diversos, foron axeitados para o desenvolvemento da proposta formativa e axustáronse ao definido na memoria verificada.

Evidencias:

Destacamos os seguintes indicadores que permiten describir as características do alumnado que cursou o título e como ven funcionando o proceso de admisión:

- **Evolución da matrícula:** No curso 2012-13 o máster contou con 29 alumnos/as, dos cales 10 foron de novo ingreso e 19 de continuación de estudos. O que indica que a demanda non está estabilizada como consecuencia de que os novos graos aínda neste curso non deron as primeiras promocións de egresados na facultade.
- **Nota media de acceso:** 7.06
- **Porcentaxe de alumnado que accede con nota inferior a 6:** 0%. Hai que destacar que o perfil de acceso relativo aos expedientes do alumnado que cursa o máster mellorou progresiva e significativamente respecto a cursos anteriores nos que a porcentaxe de alumnado con cualificacións de acceso inferiores moveuse entre o 29% e o 14%.
- **Porcentaxe de matriculados egresados da USC:** 85%. Neste indicador valórase positivamente que haxa unha marxe do 15% de alumnado que provén doutras universidades e contextos, se ben interesa incrementar o atractivo cara á captación de alumnado doutras procedencias. O carácter único deste máster no Sistema Universitario de Galicia, dado que non hai outro máster orientado á nosa especialización, fai tamén que o título poida dar resposta as necesidades do alumnado egresado de outras universidades do SUG.

BOAS PRÁCTICAS:

- A Comisión Académica do Máster considera como boa práctica a variedade e complementariedade de mecanismos de difusión da oferta e información do procedemento de acceso e admisión posta en marcha desde a nosa institución (dende a USC, a Facultade, os Departamentos implicados, a páxina web do máster, trípticos e póster, listas de distribución). **BP4**

PROPOSTAS DE MELLORA:

Non se inclúen neste apartado

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
Non se realizaron modificacións	

Planificación das ensinanzas						
<i>Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da enseñanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de enseñanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.</i>						
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio						
Satisfactoria	A (X)	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:						
<p>O Máster estase impartindo conforme ao recollido na memoria verificada e respectando o equilibrio de créditos que se cursan en cada cuadrimestre. Respéctase, así mesmo, o número de créditos por materia garantindo a abordaxe dos contidos dos programas tanto na modalidade presencial (na aula) como na modalidade non presencial que representa o 40% da formación (mediante o uso do campus virtual da USC). No curso 2012-13 realizouse unha oferta íntegra das materias obrigatorias e optativas que configuran o título (un total de 78 créditos) permitindo así ao alumnado a posibilidade real de construír un itinerario formativo personalizado ata completar os 60 créditos que deben cursar.</p> <p>A planificación de cada módulo e/ou materia faise polos equipos de profesores/as que redactan coordinadamente as guías didácticas (publicadas na web da Facultade) e que recollen todos os elementos necesarios para que o alumnado coñeza, desde o inicio da docencia, os requirimentos necesarios para cursar a formación. Isto é particularmente necesario nas materias impartidas por equipos de profesorado ou por profesorado dos dous departamentos implicados no desenvolvemento do Máster o que produce, en algunhas ocasións, pequenos desaxustes na coordinación pero que se intentan mellorar co impulso do traballo en equipo a través da coordinación do Máster que periodicamente organiza reunións específicas para que o profesorado decida conxuntamente as actuacións a levar a cabo.</p> <p>Sendo un Máster especializado en procesos de formación préstase especial atención á coherencia metodolóxica e á diversidade de recursos didácticos e actividades de aula, promovendo na medida do posible dinámicas activas de aprendizaxe e o traballo en grupo que constitúe unha competencia clave dos profesionais que se forman. Hai que destacar que non é doado acadar dita coherencia polo que no curso 12-13 priorizáronse as seguintes decisións/acción curriculares cara á mellora do ensino:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A avaliación conxunta e coordinada das aprendizaxes do alumnado nas tres materias do módulo de investigación mediante o desenvolvemento dun Traballo Final de Módulo (TFMO). • A mellora na organización das prácticas externas e o traballo fin de máster desenvolvendo e actualizando as guías específicas nas que se recollen as recomendacións didácticas necesarias para que os distintos profesores/as que se ocupan de titorizar estas tarefas sigan uns criterios comúns e iguais para todo o alumnado. Nesas guías detállase claramente os procesos, roles, tarefas e criterios de avaliación que son os mínimos esixidos para a superación das materias referidas. Hai que destacar tamén que no curso 12-13 se asinaron 5 novos convenios para o desenvolvemento das prácticas externas do máster coas entidades seguintes: Grupos de investigación USC (GI-1439 Stellae e GI- 1636 Sistemas Intelixentes) e Empresas e outras entidades (Fundación Laboral da Construción, Recursos Galicia, Senda Capital Investment, S. L.) <p>En canto á coordinación horizontal entre as materias e contidos que poden necesitar unha maior profundización en xeral</p>						

O profesorado manifesta dificultades para abordar todos os contidos dos programas nas sesións de clase polo que se prioriza, no curso seguinte, a análise da abordaxe de contidos na modalidade virtual e unha planificación máis detallada das actividades virtuais a fin de garantir o aproveitamento das actividades non presenciais e a súa complementariedade co traballo e contidos desenvolvidos presencialmente.

A coordinación interdepartamental desenvólvese axeitadamente garantindo a implicación das dúas unidades e a corresponsabilidade cun modelo de coordinación rotatoria.

En termos xerais non dispoñemos de datos sobre o nivel de satisfacción do alumnado e profesorado co desenvolvemento da ensinanza e a planificación desenvolvida no curso 12-13.

BOAS PRÁCTICAS:

Consideramos que neste curso desenvolvéronse dúas accións metodolóxicas no título que poden ser transferibles a outros títulos e que poderían repercutir na mellora dos mesmos:

- **Avaliación das competencias adquiridas polo alumnado no primeiro semestre mediante un Traballo Final de Módulo (TFMO).** Con esta iniciativa a aprendizaxe promóvese na aula mediante a realización de diversas actividades presenciais e virtuais e o alumnado é avaliado en todas as materias do módulo por un único traballo individual que require a execución dos coñecementos e competencias adquiridas en todas as materias. Este TFMO que presentaremos como exemplo de boa práctica consiste no análise dun caso (plan, proposta ou proxecto de formación) e presentación en público e ante un tribunal integrado por un profesor/a de cada unha das materias. Como se explica na guía do TFMO (curso 12-13) alumnado aplica as habilidades e coñecementos adquiridos en cada materia á análise e presentación do seu caso, fai una avaliación do mesmo e propostas de mellora. Os casos son propostos polo profesorado e asignados en función das preferencias do alumnado e dos ámbitos nos que van definindo os seus intereses (elearning, empresa, formación regrada...). Para a realización do TFMO organízanse dúas titorías grupais nos meses de novembro e decembro (figuran as datas na guía) nas que polo menos un profesor/a de cada materia participa. Na sesión en grupo rotan para asesorar ao alumnado organizado en torno aos tres casos propostos. Durante as dúas titorías grupais programadas e sistematizadas, como pode verse na guía, o alumnado vai definindo e preparando o seu caso e a defensa do mesmo. Ademais mantéñense outras titorías individualizadas en función das necesidades do alumnado **BP5**.
- Desenvolvemento dun **modelo de organización das prácticas externas** no que alumnado, titores das institucións de prácticas e profesorado do máster traballan colaborativamente e que permite facer un seguimento detallado do período de prácticas cunha implicación activa e coordinada de todos os axentes (profesorado, titores e institucións de prácticas e alumnado). Como pode percibirse na guía de prácticas do Máster, a realización das prácticas externas é un proceso sistematizado no que o profesorado do máster desempeña un papel de coordinación e seguimento clave e existe unha colaboración constante cos titores/as dos centros receptores do alumnado **BP6**.

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Coordinación da estrutura e contidos das materias no campus virtual, establecendo criterios comúns entre o profesorado dos dous departamentos e de todas as materias sobre o tipo de ferramentas a utilizar, actividades

a desenvolver na plataforma na modalidade virtual do ensino e as relacións das actividades non presenciais coa docencia presencial.

- Creación dun espazo virtual compartido (aula de coordinación) no campus virtual onde estea activado todo o profesorado e alumnado do máster, de xeito que constitúa un espazo para a comunicación e coordinación entre o profesorado, entre o alumnado e para o seguimento por parte do coordinador/a do título de cada promoción.
- Elaboración dun cronograma de actividades das distintas materias do máster para o alumnado coa finalidade de evitar solapamentos e acumulación de traballos en datas clave (definición da temática do TFM, titorías ou defensa dos TFMO, período de prácticas...) e ofrecer ao alumnado unha visión integrada do traballo nas diferentes materias de cada semestre.
- No curso 12-13 non estaba implantada a avaliación de satisfacción do alumnado dos másters na USC de xeito xeneralizado polo que non dispoñemos de datos sobre o nivel de satisfacción. Está previsto dispoñer dos datos de satisfacción e as enquisas para o próximo curso polo que se propón como mellora a implementación das enquisas institucionais de satisfacción do estudiantado e a análise de resultados en sesión conxunta da comisión académica do máster.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
Non se realizaron modificacións	

Recursos humanos						
<i>Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>						
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio						
Satisfactoria	A (X)	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:						
<p>Os recursos humanos dispoñibles que figuraban na Memoria do Máster considéranse apropiados e satisfactorios para o cumprimento dos obxectivos do título pois recolle a experiencia adquirida por unha equipa de Doutores/as das áreas de Didáctica e Organización Escolar e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación altamente especializado e cohesionado e cunha ampla produción científica nos ámbitos de especialización do título. Si ben hai que ter en conta que o profesorado dos dous departamentos responsables do título pertence a áreas sobrecargadas de docencia nas que tradicionalmente asumen un encargo por enriba das 240 h anuais e un número de alumnos/as elevadísimo, o que pon de manifesto o esforzo realizado para ofertar o máster e manter uns parámetros de calidade axeitados sen descoidar tampouco a actividade investigadora que é intensa en todos os grupos de investigación que asumen este título. Durante o curso académico 12-13 tivo lugar a xubilación de algún profesor dos engadidos na memoria asumindo a docencia correspondente doutores do departamento cunha preparación axeitada.</p> <p>O persoal de administración e servizos cumpre as obrigas que se sinalaban na Memoria do Máster de xeito satisfactorio e colabora especialmente nas tarefas administrativas de programación académica do título e xestión ao longo do curso académico.</p> <p>Cumpríronse, por tanto, as directrices que figuran no apartado 6. "Persoal académico" relativas á competencia do profesorado e a bagaxe e actividade dos 7 grupos de investigación os que pertence o profesorado e que están directamente implicados no título. Os grupos de Investigación vinculados a este título mantiveron activos proxectos de investigación competitivos autonómicos, nacionais e internacionais así como o seu ritmo de produción científica como consta na declaración de produción científica individual dos dous departamentos, nos arquivos da universidade. (Vicerreitorado de Investigación)</p> <p>O profesorado do título participa de xeito continuado no Programa de Formación e Innovación docente (PFID) da universidade, tanto impartindo cursos de formación como recibindo outros para a súa actualización. Tamén ten constituídos e activos dous grupos de innovación docente (http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/gruinodoc/) Durante o curso 2012-13 a coordinación do máster solicitou ao PFID a organización dunha actividade de formación conxunta para todo o profesorado do máster. Dita actividade (certificada aos participantes polo PFID e integrada na súa planificación anual) desenvolveuse nos meses de Xullo e setembro de 2013 durante 3 sesións de 4 horas (23-24 Xullo e 2 de setembro) e foi orientada ao uso do campus virtual para o desenvolvemento da formación semipresencial (como é o caso do título) e o desenvolvemento dunha estrutura común (contorna virtual) de traballo en todas as materias do máster así como de actividades online coordinadas. Como resultado desta acción de formación en grupo mellorouse a proposta formativa virtual e diversificáronse as metodoloxías de elearning utilizadas. Por outra banda, xa de xeito individual, facer constar que o profesorado do máster participou en diversas actividades de formación do PFID ao longo do curso que sen dúbida redundan nunha mellor preparación para a docencia no máster (análise de datos estatísticos,</p>						

software social, aspectos relativos á propiedade intelectual, etc.)

BOAS PRÁCTICAS:

- Consideramos que a **participación, como equipo, do conxunto de profesorado do título en accións de formación baixo demanda** constitúe unha boa práctica e pode ser de utilidade noutras titulacións. Para levar a cabo este tipo de iniciativas recoméndase identificar un ámbito de interese a mellorar conxuntamente (p.e. metodoloxías para a docencia semipresencial, deseño de contidos dixitais, metodoloxías de traballo en grupo, etc.) e solicitar os servizos responsables dos programas de formación e innovación docente una proposta de formación no centro axeitada así como o asesoramento ao equipo de profesorado. **BP7**

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Consolidar o desenvolvemento anual de actividades conxuntas de formación entre o profesorado que imparte docencia no título.
- Aumentar os méritos docentes investigadores do profesorado do máster (quinquenios, sexenios, acreditacións, publicacións, proxectos, contratos, estadías, etc.)
- Promover e fomentar a participación activa do alumnado do máster nas liñas de investigación dos Grupos de Investigación vinculados ao máster.
- Integrar nos procesos de ensino, como colaboradores externos, profesionais de recoñecido prestixio e figuras destacadas da formación e da investigación educativa.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
Non se realizaron modificacións	

Recursos materiais e servizos							
Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B (X)	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>Na Memoria de Verificación do Título (apartado 7) identifícanse os recursos materiais e os servizos necesarios para o seu desenvolvemento, concretamente no apartado 7.2. de previsión de adquisición dos recursos materiais e servizos dispoñibles, indicábase a necesidade de dotación dos seminarios dos departamentos implicados con medios tecnolóxicos.</p> <p>En xeral, na Facultade dispoñemos dos espazos e recursos básicos para o desenvolvemento do Máster, se ben dado o carácter interactivo dos módulos de ensino en posgrao co que traballamos (grupo de 20 alumnos) o traballo require seminarios e aulas especializadas (aulas TIC). En xeral, en relación á dotación existente podemos dicir que:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Se considera altamente satisfactorio o servizo de biblioteca pola dotación que ten e a posibilidade de adquisición de novas obras especializadas cada curso e que a pesar das limitacións orzamentarias constitúe unha prioridade no noso centro. - Se consideran suficientes os recursos informáticos, porque existe unha dotación mínima (unha aula TIC para a docencia e conexión wifi en todos os espazos do centro). Aínda así sería necesario, dado o elevado uso que se fai desta aula, dotar o centro dunha segunda aula TIC máis pequena e cunha configuración de traballo en grupo e mellorar as condicións da actual (visibilidade proxeccións). - Se considera axeitado o equipamento das aulas/seminarios nos que se imparte a docencia do Máster. Dicir que tal y como se comprometeu na memoria verificada melloráronse as dotacións nun dos seminarios (o do departamento de DOE) coa adquisición de taboleiro interactivo e equipo portátil para a docencia do Máster. - Se considera necesaria unha dotación específica para prácticas de campo que permita os desprazamentos e visitas no marco dalgunhas materias a centros especializados. <p>En xeral, o sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro ao que está adscrito o título vela pola calidade dos recursos a disposición dos membros dos diferentes títulos que se ofertan no centro cumprindo as recomendacións e os requirimentos do programa FIDES-AUDIT que fai referencia a cubrir as necesidades de novos recursos materiais así como á adecuada xestión dos existentes.</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
Non se sinalan							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
Non se inclúen							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			
Non se realizaron modificacións							

Resultados previstos							
<p><i>Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.</i></p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A (X)	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>A Memoria verificada do Título cuantificaba os resultados previstos das seguinte maneira:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Taxa de graduación: 70% no primeiro ano e 20% no segundo ano de cursar o Máster. - Taxa de abandono: 10% - Taxa de eficiencia: 90% <p>Os resultados obtidos nestes indicadores no curso 12-13 melloran claramente estas expectativas tendo en conta os indicadores dispoñibles no vicerreitorado de calidade da USC, aínda así obsérvanse flutuacións que indican necesidades de mellora ata estabilizar os resultados con datos satisfactorios. No referido ao curso 2012-13 pódese sinalar o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Taxa de graduación: 71,43%. Incrementa respecto ao curso anterior e mantense lixeiramente por riba do comprometido na memoria verificada. - Taxa de abandono: 7,14%. É inferior á determinada na memoria verificada, o cal é bo, pero observamos un pequeno incremento respecto ao ano anterior que debe ser obxecto de seguimento no curso seguinte. Das reflexións da Comisión Académica extráense algunhas explicacións a este feito posto que no curso actual os abandonos producíronse ao inicio do curso e dicir durante as primeiras semanas. Entende a comisión que pode deberse a cambios de matrícula por ter sido admitidos noutros máster tamén da súa preferencia ou, no caso de alumnado traballando (en activo), a esixencia e intensidade dos horarios. A comisión reflexionou en varias ocasións sobre estes casos e analizou a necesidade ou non de incrementar a porcentaxe non presencial sen que polo momento se teña tomado unha decisión ao respecto pois entendeuse preferible agardar a ter as primeiras promocións dos graos no título e máis datos para valorar a situación. - Taxa de éxito: 94,3%. Considérase una taxa moi positiva en canto aos resultados observables neste curso. - Taxa de avaliación: 100%. Considérase una taxa moi positiva en canto aos resultados observables neste curso e tamén se destaca que respecto ao curso anterior incrementou nun 20,4% - Taxa de eficiencia: 92,6%. Considérase una taxa moi positiva en canto aos resultados observables neste curso e mantense lixeiramente por enriba do comprometido na memoria verificada. <p>Respecto aos niveis de satisfacción do alumnado dicir que durante este curso non se realizou unha avaliación sistemática deste indicador e polo tanto non todos os alumnos/as participaron da enquisa polo que <u>os datos dispoñibles non son representativos</u>. Aínda así engadimos os datos dispoñibles e facemos constar que a valoración do alumnado reflectida na enquisa de satisfacción do estudantado coa formación recibida indicaría, en caso de ser representativa, que</p>							

hai marxe de mellora (3,26 nunha escala de 1 a 7).

http://www.usc.es/export/sites/default/gi/goberno/vrcalidade/descargas/master2012/2012-10-30_Satisfaccixn_do_estudantado_coa_docencia_recibida_MASTER.pdf

Finalmente non dispoñemos de indicadores relativos a niveis de inserción laboral do alumnado egresado do título. Corresponde a ACSUG o estudo e extracción de ditos indicadores polo que non é posible valorar este indicador, para este curso, neste apartado.

BOAS PRÁCTICAS:

Non se inclúen

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Incrementar os indicadores de éxito do título mediante una atención máis personalizada ao alumnado e a mellora da calidade do ensino nas materias (nesta segunda cuestión agardamos redundarán todas as propostas de mellora engadidas neste informe de seguimento)
- Dispoñer de datos de satisfacción do alumnado sistemáticos dado que a universidade no curso 13-14 estenderá de forma xeneralizada o protocolo de enquisas de satisfacción dos graos aos posgraos.
- Incrementar a porcentaxe na oferta de prazas a tempo parcial para aqueles estudantes que compatibilizan os estudos de Máster con outros estudos ou actividades.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
Non se realizaron modificacións	

Sistema de garantía da calidade						
<i>Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.</i>						
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio						
Satisfactoria	A (X)	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais
						D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:						
<p>O grao de cumprimento do criterio de 'sistema de garantía de calidade' que se establece na Memoria do Título resulta satisfactorio. A memoria de verificación do Máster inclúe o sistema de garantía de calidade do título especificando todos os axentes académicos e administrativos involucrados no mesmo. A Facultade de Ciencias da Educación da USC, centro ao que está adscrito o título dispón dun Sistema de Garantía Interna de Calidade debidamente acreditado (valoración positiva da ACSUG con data 30 de abril de 2012) que vela polo cumprimento de todos os aspectos relacionados coa calidade e o bo funcionamento do título.</p> <p>Tamén hai que facer constar que dende maio de 2013 a Universidade de Santiago de Compostela ten aprobado un Sistema Marco da USC (http://www.usc.es/gl/gobierno/vrcalidade/sgic-usc.html), o que implica na actualidade que os centros teñen que adaptar o Manual Simplificado ás súas particularidades. Nestes momentos dende a Facultade de Ciencias da Educación estase adaptando ese Manual Simplificado tal e como se indicaba no informe de seguimento do título do curso 11-12.</p> <p>No informe de seguimento realizado para o curso 2011-12 propoñíase como acción cara ao curso 12-13 facer unha avaliación específica para comprobar o nivel de satisfacción do estudiantado. Hai que dicir que dende a vicerreitoría de calidade implementouse de xeito non xeralizado nin sistemático o modelo de avaliación da satisfacción do estudiantado dos másters dispoñendo como xa comentamos neste informe de algúns datos non representativos, pero no curso 13-14 si estará implementado con carácter xeral e dispoñemos de datos representativos ao respecto.</p>						
BOAS PRÁCTICAS:						
Non se inclúen						
PROPOSTAS DE MELLORA:						
<ul style="list-style-type: none"> - Implementar as enquisas de satisfacción do alumnado e profesorado de xeito xeneralizado no curso 13-14. - Facilitar e promover dende a coordinación do título a participación de estudantes e profesorado no control de calidade do título por medio das iniciativas institucionais postas en marcha. - Manter, dende a coordinación do máster, reunións periódicas có alumnado a fin de obter feedback sobre o proceso de ensino e adotar decisións de mellora polo profesorado. 						
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS		
Non se realizaron modificacións						

Calendario de implantación							
<i>Valorarse o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A (X)	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>O título está implantado e véñse desenvolvendo dende o curso académico 2009-2010 e dende entón non houbo incidencias salientables. Evidénciase o cumprimento por parte de profesorado e estudantes dos calendarios académicos anuais. Eponse de relevo a importancia que ten a implantación, no Sistema Universitario Galego, dun Máster -o de Procesos de Formación- que posibilita a continuidade de estudos dos nosos graduados e o acceso aos estudos de doutoramento como eixo clave na actividade investigadora dos grupos e departamentos da USC implicados no título. Tamén se destaca a importancia que ten o título, único no SUG que cubre este ámbito de especialización, no ámbito das empresas dedicadas á formación que hoxe en día valoran e precisan da incorporación de doutores/as aos seus cuadros profesionais.</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
Non se inclúen							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
Non se inclúen							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			
Non se realizaron modificacións							

4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO.

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
<p>No informe final de verificación do título remitido pola ANECA (27-7-2009) formulábase como recomendación que se faría un especial seguimento na implantación do título á formalización de acordos para a realización de prácticas ademais do aproveitamento que se facía dos convenios existentes na USC para a realización das prácticas (Criterio 5)</p>	<p>A Comisión Académica neste sentido fíxose eco dende o principio da recomendación formulada no informe final de verificación do título de aproveitar os convenios existentes na USC para a realización das prácticas e por suposto formalizar novos convenios con empresas e institucións que puideran aportar calidade e proximidade co contexto de inserción laboral ao alumnado. Por isto, durante o curso académico 2012-13, mantivéronse reunións de traballo para mellorar as relacións coas empresas e detectar novas demandas. Neste sentido como evidencia faise constar a reunión mantida dende a coordinación do máster, a tal fin, o 24-1-2013 coas seguintes empresas dedicadas á formación de Santiago e comarca: Agafor, Fundación Laboral da Construción, Recursos Galicia e Senda Capital Investment, S. L..</p> <p>Tamén Hai que destacar que no curso 12-13 se asinaron 5 novos convenios para o desenvolvemento das prácticas externas do máster coas entidades seguintes: Grupos de investigación USC (GI-1439 Stellae e GI- 1636 Sistemas Intelixentes) e Empresas e outras entidades (Fundación Laboral da Construción, Recursos Galicia, Senda Capital Investment, S. L.)</p>
<p>No informe final de verificación do título (27-7-2009) recomendábase xustificar os valores cuantitativos aportados para os tres indicadores de referencia (Criterio 8) (Taxas de graduación, abandono e eficiencia)</p>	<p>Neste informe son obxecto de análise e xustifícanse cuantitativamente, con diversos indicadores, os datos relativos aos resultados acadados no curso académico 2012-13 e engádense ademais outros datos cuantitativos a maiores como son as taxas de éxito e avaliación ou os indicadores de evolución de matrícula y perfís de acceso.</p>

INFORMES DE SEGUIMIENTO (indicar o ano)

Fixéronse ata o momento os dous informes preceptivos de seguimento:

- Curso 10-11 con resultado non conforme (25-9-2012)
- Curso 11-12 que non foi avaliado pola ACSUG.

Polo tanto só dispoñemos e comentáranse as recomendacións relativas ao informe do curso 10-11

Recomendacións establecidas no informe de seguimento	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
<p>No informe final de seguimento remitido pola ACSUG o 25-9-2012 non favorable facíase referencia á información pública do título considerándoa pertinente pero recomendándose recoller a información con máis accesibilidade (Criterio 1).</p>	<p>Nesta dirección, no curso 12-13 reaxustouse e centralizouse toda a información do título requirida para a súa difusión pública e localización polo alumado a través da páxina web da facultade de Ciencias da Educación, cunha estrutura de navegación común en todos os títulos máis sinxela e amigable, o que permite hoxe en día mostrar con maior accesibilidade toda a información relativa ao título.</p>
<p>Tamén neste informe se recomendaba aportar información sobre a comisión e as convocatorias do Traballo Fin de Máster (Criterio 5).</p>	<p>Neste senso existen no departamento evidencias relativas a publicidade, difusión e información ofrecida ao alumnado de xeito continuado e en concreto no tocante as comisións e defensas do TFM, as informacións e convocatorias públicas realizadas tanto nas convocatorias de Xullo como setembro das defensas dos TFM que foron tamén expostas nos taboleiros oficiais do centro e nos departamentos implicados no título.</p>
<p>Tamén neste informe recomendábase habilitar un enlace ao apartado da Vicerreitoría de Calidade, onde se ofrecen os datos das diferentes taxas e engadir datos de inserción laboral (Criterio 8).</p>	<p>Dende a Universidade desenvolveuse unha aplicación con información centralizada de todos os indicadores dispoñibles que pode ser consultada polos avaliadores/as dos informes. Neste novo informe inclúense ademais enlaces específicos á web de Calidade cando se citan as taxas.</p> <p>Respecto a datos de inserción laboral como xa comentabamos aínda non dispoñemos de ningún estudo, elaborado pola ACSUG, que nos permita reflectir e valorar este indicador no título. Aínda así, como comentamos no informe, no curso 12-13 realizouse un modesto estudo sobre os ámbitos de empleabilidade do master en</p>

	<p>procesos de formación a partir dos ámbitos de inserción laboral nos que se realizan as prácticas. Dito estudo permitiu visualizar o abano de contextos profesionais de aplicación do perfil profesional para o que formamos así como difundir as características do título e a súa pertinencia no contexto laboral actual a través do XII Symposium Internacional sobre el Practicum y las Prácticas en Empresa en la Formación Universitaria (Poio-Pontevedra). Consideramos que este tipo de iniciativa permite definir con claridade os contextos profesionais de aplicación da formación para a que cualifica o título e dar difusión do mesmo en ámbitos académicos especializados sobre a formación universitaria nos que participan persoas expertas da formación, as empresas e alumnado universitario de diferentes países (consta como evidencia documental o texto da comunicación presentada no symposium o 27/6/20013)</p>
--	--

5.- PROPOSTAS DE MELLORA.

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM1
		Tipo	Difusión e captación de alumnado
	Orixe	Orixe acción	Informe seguimento 2012-13: Necesidade de estabilizar a demanda
		Descrición orixe	CRITERIOS 1, 8 e 9. Como se puxo de manifesto nos datos de evolución da matrícula, a demanda dende a implantación do título flutúa. Polo que se pretende contar cunha demanda regular axeitada a oferta de 25 prazas por curso académico.
	Definición	Análise causa	No tocante á demanda, a comisión académica reflexionou sobre a necesidade de incrementar a matrícula de novo ingreso a fin de garantir unha oferta regular da proposta e as razóns polas que non se chegaron a cubrir todas as prazas de novo ingreso. Entre outros factores detectouse a necesidade de facer unha maior difusión fora da universidade (prensa e actividades institucionais de difusión da oferta) e nos últimos cursos dos graos tendo en conta que no seguinte curso a USC contaría xa coas primeiras promocións de alumnado egresado dos títulos de ciencias da educación e outros moitos grados de acceso ao máster segundo o fixado na memoria verificada. Tamén se apunta a suba das taxas como unha das causas explicativas.
		Definición/ descrición proposta	<p>T1 Difusión mediante anuncio en prensa da oferta do título e a oferta de prazas cara ao curso 13-14. Xullo 2013.</p> <p>T2 Incrementar a porcentaxe na oferta de prazas a tempo parcial para aqueles estudantes que compatibilizan os estudos de Máster con outros estudos ou actividades.</p> <p>T3 Difusión a finais do segundo semestre do curso (entre o alumnado do derradeiro curso dos graos da Facultade de CC. Educación) Organización dunha sesión informativa sobre o título e a súa pertinencia na continuidade de estudos dos graos da facultade así como o perfil e competencias para as que prepara.</p> <p>T4 Elaboración dunha sección específica na páxina web do departamento de DOE con información actualizada sobre novas do máster e documentación.</p> <p>T5 Explotación e difusión dos datos de satisfacción e as enquisas para o próximo curso cara a mellorar o prestixio do título coas opinións dos</p>

		egresados. T6 Fomentar a participación activa do alumnado do máster nas liñas de investigación dos Grupos de Investigación vinculados ao máster, cara a potenciar a realización de teses doutorais.
	Data prevista de finalización	Setembro 2014
	Data inicio	Maio 2013
Responsables	Usuario responsable da implantación	Comisión Académica do Máster.
	Outros responsables da implantación	Servizos responsables da oferta da USC. Departamentos responsables do Máster
Tarefa1	Código	T1 a T6
	Descrición tarefa	Xa descritas as tarefas na descrición/definición da proposta
	Data prevista de finalización	Setembro 2014
	Persoa responsable	Coordinadora e comisión académica
	Usuario responsable	Coordinadora e comisión académica
Subtarefa 1	Código	
	Descrición tarefa	Xa descritas as tarefas na descrición/definición da proposta
	Data prevista de finalización	Setembro 2014
	Persoa responsable	Coordinadora e comisión académica
	Usuario responsable	Coordinadora e comisión académica

Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM2	
		Tipo	Potenciación do carácter profesionalizante e de investigación do máster	
	Orixe	Orixe acción	Informe seguimento 2012-13: Necesidade de mellorar a calidade e facer máis atractivo o título polo seu carácter dobre: profesionalizante e de investigación	
		Descrición orixe	CRITERIOS 2, 5 e 9. Retómanse as recomendacións dos informes de verificación e seguimento no relativo á mellorar as practicas obrigatorias do título e engádese a promoción do carácter investigador para incrementar o número de doutorandos nas nosas áreas e liñas de investigación.	
	Definición	Análise causa	Non existe outra causa que a visión de mellora constante que debe rexer o traballo académico	
		Definición/ descrición proposta	<p>T1 Sinatura de novos convenios para a realización de prácticas</p> <p>T2 Sesións co alumnado de presentación dos grupos de investigación, liñas e proxectos competitivos activos nos departamentos cara a orientar na continuidade mediante a realización da tese doutoral do alumnado que así o considere.</p> <p>T3 Sesións de análise do título entre o profesorado para continuar valorando se é preciso axustar nalgún compoñente a memoria.</p> <p>T4 Mellorar e axustar e completar a Guía do TFM do Máster en Procesos de Formación aos novos regulamentos da institución e da Facultade</p>	
		Data prevista de finalización	Setembro 2014	
		Data inicio	Maio 2013	
		Usuario responsable da implantación	Comisión Académica do Máster.	
	Responsables	Outros responsables da implantación	Servizos responsables da oferta da USC. Departamentos responsables do Máster	

Tarefa1	Código	T1 a T3
	Descrición tarefa	Xa descritas as tarefas na descripción/definición da proposta
	Data prevista de finalización	Setembro 2014
	Persoa responsable	Coordinadora e comisión académica
	Usuario responsable	Coordinadora e comisión académica
Subtarefa 1	Código	
	Descrición tarefa	Xa descritas as tarefas na descripción/definición da proposta
	Data prevista de finalización	Setembro 2014
	Persoa responsable	Coordinadora e comisión académica
	Usuario responsable	Coordinadora e comisión académica
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM3
		Tipo	Mellora da formación non presencial
	Orixe	Orixe acción	Informe seguimento 2012-13: Necesidade de garantir a abordaxe dos contidos dos programas e garantir a continuidade no proceso formativo entre as sesións presenciais e as virtuais
		Descrición orixe	CRITERIO 3. A Comisión Académica detectou a necesidade de traballar conxuntamente todo o profesorado dos dous departamentos implicados sobre as metodoloxías de ensino utilizadas na docencia virtual e as actividades programadas co apoio do campus virtual a fin de que a proposta fora equilibrada, tivese unha coherencia nas metodoloxías de traballo virtual e todos os contidos dos programas das materias quedaran ben cubertos.
	Definición	Análise causa	Non existe outra causa que a visión de mellora constante que debe rexer o traballo académico
		Definición/ descrición proposta	<p>T1 Coordinación da estrutura e contidos das materias no campus virtual, establecendo criterios comúns entre o profesorado dos dous departamentos e de todas as materias sobre o tipo de ferramentas a utilizar, actividades a desenvolver na plataforma na modalidade virtual do ensino e as relacións das actividades non presenciais coa docencia presencial.</p> <p>T2 Creación dun espazo virtual compartido (aula de coordinación) no campus virtual onde estea activado todo o profesorado e alumnado do máster, de xeito que constituía un espazo para a comunicación e a coordinación entre o profesorado, entre o alumnado e para o seguimento por parte do coordinador/a do título de cada promoción.</p> <p>T3 Elaboración dun cronograma de actividades das distintas materias do máster para o alumnado coa finalidade de evitar solapamentos e acumulación de traballos en datas clave (definición da temática do TFM, titorías ou defensa dos TFMO, período de prácticas...) e ofrecer ao alumnado unha visión integrada do traballo nas diferentes materias de cada semestre.</p>
		Data prevista de finalización	Setembro 2014
		Data inicio	Maio 2013

Responsables	Usuario responsable da implantación	Comisión Académica do master.
	Outros responsables da implantación	Servizos responsables da oferta da USC. Departamentos responsables do Máster
Tarefa1	Código	T1 a T3
	Descrición tarefa	Xa descritas as tarefas na descrición/definición da proposta
	Data prevista de finalización	Setembro 2014
	Persoa responsable	Coordinadora e comisión académica
	Usuario responsable	Coordinadora e comisión académica
Subtarefa 1	Código	
	Descrición tarefa	Xa descritas as tarefas na descrición/definición da proposta
	Data prevista de finalización	Setembro 2014
	Persoa responsable	Coordinadora e comisión académica
	Usuario responsable	Coordinadora e comisión académica
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM4	
		Tipo	Coordinación e mellora da competencia docente e investigadora do profesorado	
	Orixe	Orixe acción	Informe seguimento 2012-13: Actitude do equipo de profesores/as cara á mellora profesional e de formación permanente	
		Descrición orixe	CRITERIO 6. A Comisión Académica asume a necesidade de detectar ámbitos de mellora e realizar proxectos conxuntos de formación cara á incrementar a calidade da proposta.	
	Definición	Análise causa	Non existe outra causa que a visión de mellora constante que debe rexer o traballo académico	
		Definición/ descrición proposta	<p>T1 Consolidar o desenvolvemento anual de actividades conxuntas de formación entre o profesorado que imparte docencia no título.</p> <p>T2 Manter dende a coordinación do máster reunións periódicas co alumnado a fin de obter feedback sobre o proceso de ensino e adoitar decisións de mellora polo profesorado.</p> <p>T3 Aumentar os méritos docentes e investigadores do profesorado máster (quinquenios, sexenios, acreditacións, publicacións, proxectos, contratos, estadías, etc.)</p> <p>T4 Integrar nos procesos de ensino, como colaboradores externos profesionais de recoñecido prestixio e figuras destacadas da formación e a investigación educativa.</p>	
		Data prevista de finalización	Setembro 2014	
		Data inicio	Maio 2013	
		Usuario responsable da implantación	Comisión Académica do master.	
	Responsables	Outros responsables da implantación	Servizos responsables da oferta da USC. Departamentos responsables do Máster	
Tarefa1	Código	T1 a T4		

	Descrición tarefa	Xa descritas as tarefas na descrición/definición da proposta
	Data prevista de finalización	Setembro 2014
	Persoa responsable	Coordinadora e comisión académica
	Usuario responsable	Coordinadora e comisión académica
Subtarefa 1	Código	
	Descrición tarefa	Xa descritas as tarefas na descrición/definición da proposta
	Data prevista de finalización	Setembro 2014
	Persoa responsable	Coordinadora e comisión académica
	Usuario responsable	Coordinadora e comisión académica
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtareas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.